

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

**8495** *Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de peche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón.*

A Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de unidades de produción de carbón non competitivas, establece un novo marco de axudas á industria do carbón e, especificamente, para aquelas destinadas a cubrir custos excepcionais que se produzan ou se producisen a causa do peche de unidades incluídas no Plan de peche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva.

A nova orientación regulatoria concreta a necesidade de presentar un plan de peche estatal sometido a autorización da Comisión Europea en que se inclúan todas aquelas unidades de produción non competitivas que teñen previsto abandonar a actividade extractiva antes do 31 de decembro de 2018.

Consecuentemente con este novo marco regulador da Unión Europea, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou con sindicatos e empresarios un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013 a 2018, que serviu de base para a redacción do Plan de peche do Reino de España presentado á Comisión Europea para a súa autorización.

Neste acordo incluíronse medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais que comporta a reestruturación e modernización da industria do carbón, financiando custos sociais non relacionados coa produción corrente.

Entre os custos que se poden cubrir con este tipo de axudas, a Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas non competitivas, sinala expresamente o custo de prestacións sociais para traballadores que non teñan a idade legal de xubilación e o pagamento de indemnizacións aos traballadores que perdesen ou perdan o seu posto de traballo como consecuencia do peche de unidades de produción.

Estas axudas concederanse ás empresas que resulten beneficiarias en función do cumprimento dun conxunto de requisitos obxectivos e os seus traballadores serán os seus destinatarios últimos. Esta circunstancia determina que sexan procedementos iniciados por solicitude do interesado, a diferenza do procedemento de concorrencia competitiva, que necesariamente se debe iniciar de oficio mediante convocatoria pública, de acordo co artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Existen, ademais, razóns singulares de interese público, económico e social, derivadas da necesidade de proseguir o proceso de reestruturación da industria do carbón e do importante impacto social que comporta a redución da actividade das empresas mineiras, que xustifican a especial regulación destas axudas e o seu réxime de concesión directa. Por isto, ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou por baixas indemnizadas resúltalles de aplicación o previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, relativo a axudas en réxime de concesión directa, polo que é preciso un real decreto que, de conformidade co artigo 28.2 da referida lei, aprobe as normas especiais das subvencións reguladas no citado artigo 22.2.c).

A norma que se aproba conta co informe favorable do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, co informe previo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de

Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de agosto de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

Constitúe o obxecto deste real decreto a regulación da concesión directa de axudas ás empresas que leven ou levasen a cabo unha actividade relacionada coa produción do carbón, co fin de que poidan cubrir certos custos derivados da extinción dos contratos de traballo dos seus empregados como consecuencia do peche de unidades de produción de carbón destinados á xeración eléctrica incluídas no Plan de peche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva, segundo o acordado no Marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras no período 2013 a 2018.

A finalidade das axudas é aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas de acordo co previsto na Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas non competitivas.

#### Artigo 2. *Ámbito.*

1. Estas axudas serán de aplicación a todas aquelas empresas que teñan unidades de produción que pechasen ou estean pechando antes do 31 de decembro de 2018 e estean incluídas no Plan de peche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva.

2. O ámbito temporal deste real decreto comprende os exercicios 2013 a 2018.

3. Con suxeición ao disposto na disposición adicional primeira deste real decreto, respecto á notificación destas axudas á Comisión Europea, as axudas concederanse, con cargo aos orzamentos de cada exercicio económico, desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que as axudas por custos laborais para traballadores de idade avanzada outorgadas durante ese período se poidan manter para cada traballador, nos exercicios orzamentarios necesarios ata que alcance a idade legal de xubilación conforme o previsto no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

#### Artigo 3. *Carácter singular das axudas.*

1. O peche de unidades de produción incluídas no plan de peche e que figuran no anexo deste real decreto poderá levar asociada a concesión de axudas destinadas á cobertura de custos excepcionais a favor dos traballadores que perdesen ou perdan o seu posto de traballo de conformidade co previsto no artigo 4 da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, coa excepción das empresas públicas da minaría do carbón que actúan baixo a forma de sociedades mercantís estatais relacionadas no citado anexo.

As empresas mineiras que só pechen algunha ou algunhas das súas unidades de produción deberán establecer de modo claro e preciso o número total de traballadores adscritos a cada unha delas.

2. Estas axudas faranse efectivas mediante a subrogación por parte do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras (en diante, o Instituto), nas obrigas indemnizatorias da empresa mineira cos seus traballadores, como consecuencia da extinción dos contratos de traballo,

de acordo co procedemento e suxeición aos requisitos e límites establecidos neste real decreto, en cada un dos capítulos correspondentes.

3. Outorgaranse en réxime de concesión directa por solicitude das empresas interesadas, atendendo ao seu carácter singular, dado o seu interese público, económico e eminentemente social e da súa evidente repercusión social, e ao abeiro do disposto nos artigos 22.2.c) e 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. As axudas serán incompatibles con calquera outra outorgada ás empresas beneficiarias co mesmo obxecto ou finalidade por parte de calquera administración pública ou ente público ou privado, nacional ou internacional, incluídos os importes que poidan corresponder do Fondo de Garantía Salarial.

#### Artigo 4. *Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas as empresas que se beneficien ou se beneficiasen de axudas ao peche previstas no artigo 3 da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, e que pechasen ou estean pechando unidades de produción de carbón que formen parte do Plan de peche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva, con estrita suxeición aos requisitos e ás condicións previstos en cada caso.

2. Estas axudas non serán aplicables ás empresas públicas mineiras do carbón que actúan baixo a forma de sociedades mercantís estatais.

3. De acordo coa natureza e a finalidade das axudas previstas neste real decreto, dirixidas a asegurar o pagamento de indemnizacións a favor dos traballadores pola extinción dos seus contratos de traballo a causa do peche das unidades de produción de carbón, as empresas beneficiarias destas axudas quedan expresamente exceptuadas dos requisitos establecidos nas alíneas b), e) e g) do artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

#### Artigo 5. *Financiamento.*

As axudas reguladas neste real decreto financiaranse con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto vixentes en cada exercicio, sen prexuízo do establecido no artigo 2 sobre mantemento de previsións orzamentarias para as axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada.

#### Artigo 6. *Réxime xurídico aplicable.*

As axudas a que se refire este real decreto, ademais de polo previsto nel, rexeranse polo establecido na Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas, así como na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais lexislación que resulte de aplicación.

## CAPÍTULO II

### **Axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada**

#### Artigo 7. *Requisitos.*

1. As empresas mineiras que soliciten as axudas sociais por custos laborais para os traballadores de idade avanzada, de acordo co procedemento establecido neste real decreto, deberán presentar unha relación nominal dos traballadores aos cales se asocien as mencionadas axudas, acordado coa representación dos traballadores.

2. Poderanse acoller a estas axudas aquelas empresas mineiras susceptibles de ser beneficiarias de conformidade co disposto no citado artigo 4 deste real decreto en relación cos seus traballadores, sempre que estes reúnan os seguintes requisitos obxectivos:

- a) A súa condición de traballadores con contrato indefinido na empresa solicitante.
- b) Ter cincuenta e catro ou máis anos de idade equivalente, coa aplicación do coeficiente reductor que lles corresponda.
- c) Antigüidade na empresa en que causen baixa de, polo menos, tres anos consecutivos, contados desde a extinción da relación laboral que dá lugar a estas axudas.
- d) Cotizacións ao réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social durante, polo menos, once anos.
- e) Os traballadores que optasen pola recolocación, ao abeiro da Orde ITC/2002/2006, do 15 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas por custos laborais mediante baixas incentivadas e das axudas destinadas a compensar os custos derivados do peche de unidades de produción de empresas mineiras de carbón, para os exercicios 2006-2012 ou deste real decreto, e que se recolocasen antes de doce meses contados desde a extinción da súa relación laboral, terán que permanecer un ano, como mínimo, na empresa a través da cal pretenden acceder ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada. Para isto, será preciso que na empresa anterior a aquela desde a cal acceden ás axudas, cumprisen todos os requisitos previstos no presente artigo, excepto o da idade.
- f) Os traballadores deberán acreditar, ao cumpriren a idade legal de xubilación conforme o previsto no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, o período mínimo de cotización que se requira para acceder a ela en calquera dos réximes da Seguridade Social. No suposto de modificación normativa do período mínimo, o traballador que xa está cobrando estas axudas teraas garantidas ata que alcance un novo período mínimo exixido para acceder á súa xubilación.

3. A resolución de concesión destas axudas está condicionada á acreditación do efectivo cumprimento por parte dos traballadores da empresa mineira dos requisitos establecidos neste artigo. No suposto de que algún dos traballadores incumpra un destes requisitos, a empresa deberá readmitir con carácter inmediato o traballador cos mesmos efectos legais dos despedimentos declarados nulos.

*Artigo 8. Exclusión, suspensión, minoración e perda das axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada.*

1. Non poderán causar dereito a estas axudas os traballadores que opten ou optasen pola baixa incentivada ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 1998 sobre axudas destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de modernización, reestruturación e racionalización da actividade das empresas mineiras do carbón; da Orde ECO/2771/2003, do 24 de setembro, sobre axudas destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de reestruturación e racionalización da actividade das empresas mineiras do carbón; da Orde ITC/2002/2006, do 15 de xuño, ou deste real decreto.

2. O desempeño de calquera traballo, xa sexa por conta propia ou por conta allea e a tempo completo, incompatible cos réximes de recoñecemento e desfrute das prestacións de desemprego ou da pensión de xubilación vixentes, deberá ser comunicado polo traballador ao Instituto de maneira previa e fidedigna. Neste caso, os dereitos asociados a estas axudas veranse suspendidos mentres dure esta situación.

O traballador poderá, desde a data en que se produza a comunicación fidedigna da finalización da súa situación de incompatibilidade, restablecer os dereitos derivados da percepción desta axuda polo último salario garantido recoñecido ou aboado, sen ningunha clase de actualización, así como a cotización en convenio especial, sempre que esta sexa

posible, polo último réxime da Seguridade Social e a última base pola que cotizase o traballador con anterioridade ao restablecemento da axuda.

Así mesmo, unha vez finalizada esta actividade laboral, o traballador percibirá unicamente as cantidades previstas no seu contrato como complemento das prestacións por desemprego que lle correspondesen de non ter realizado a citada actividade.

3. Será compatible coa percepción desta axuda o desempeño dun traballo por conta allea e a tempo parcial de, polo menos, o 25 por cento da xornada a tempo completo legalmente establecida, circunstancia esta que deberá ser comunicada polo traballador ao Instituto mediante certificación expedida pola empresa contratante. Mentres dure esta situación minorarase a cantidade bruta garantida na parte proporcional ao tempo traballado. O traballador estará obrigado, así mesmo, a comunicar calquera modificación que afecte o tempo traballado declarado.

Unha vez finalizada a actividade laboral a tempo parcial o traballador percibirá unicamente as cantidades previstas no seu contrato como complemento das prestacións por desemprego que lle terían correspondido de non ter realizado a citada actividade.

4. O traballo por conta allea, tanto a tempo completo como a tempo parcial, nos termos previstos nos números 2 e 3 anteriores, non se poderá desempeñar, en ningún caso, na mesma empresa mineira desde a cal se accedeu á axuda, nin en ningunha outra empresa mineira mencionada no anexo deste real decreto.

5. En caso de incumprimento da obriga de comunicar ou da comunicación de datos falsos sobre a actividade laboral desenvolvida, os traballadores perceptores das prestacións sociais financiadas con cargo a estas axudas deberán reintegrar as cantidades indebidamente percibidas polo tempo en que durase a actividade laboral non comunicada, e perderán todos os dereitos asociados a estas axudas por un período de tres meses con independencia de que continúe ou non desenvolvendo unha actividade laboral. O incumprimento por segunda vez das citadas obrigas comportará a perda definitiva de todos os dereitos asociados a estas axudas.

#### Artigo 9. *Cuantificación das axudas.*

A contía das axudas que se percibirán responderá aos seguintes criterios:

1. Serán obxecto destas axudas as indemnizacións a que teñan dereito os traballadores que extingan o seu contrato de traballo como consecuencia do peche de unidades de produción de carbón incluídas no Plan de peche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva e reúnan os requisitos para a súa incorporación ao réxime establecido para estas axudas, ata alcanzar a idade legal de acceso á xubilación conforme o previsto no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, coa aplicación do coeficiente redutor que lles corresponda.

2. Estas axudas garantirán o recoñecemento do 70 por cento da media mensual da retribución salarial ordinaria bruta, considerando os seis meses efectivamente traballados anteriores á incorporación ao réxime establecido para estas axudas co rateo de pagas extraordinarias.

Para estes efectos, consideraranse como efectivamente traballados os meses en que se traballase, polo menos, dezanove días, incluídas as vacacións desfrutadas e os permisos retribuídos.

Para o cálculo desta cantidade bruta garantida, terán a consideración de retribución salarial ordinaria bruta aqueles conceptos e importes que o traballador estivese percibindo habitualmente nos últimos trinta meses no desenvolvemento da súa actividade.

Excluíranse deste cálculo, ademais dos importes de carácter extrasalarial sinalados no artigo 26.2 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, as horas extraordinarias, traballos nocturnos e traballos en fin de semana ou outros que non respondan ao traballo desenvolvido de forma usual ou ordinaria, sexa cal for a denominación do concepto remuneratorio utilizada, sempre que o seu aboamento non sexa habitual. Entenderase que existe a



habitualidade cando, nos trinta últimos meses de desenvolvemento da súa actividade, o reciba en polo menos o 50 por cento dos meses en que o poida percibir.

Os volumes e importes medios destes conceptos non poderán superar, cada un deles, en máis dun 5 por cento os volumes e importes medios destes mesmos conceptos nos doce meses anteriores ao período sobre o cal se realiza a valoración.

3. O cálculo inicial da cantidade bruta garantida non se poderá desviar, á alza ou á baixa, en máis dun 8 por cento do 70 por cento do salario medio dos doce meses anteriores ao período sobre o cal se realiza a valoración. Para estes efectos, computaranse os meses con quince ou máis días traballados, incluídas as vacacións desfrutadas e os permisos retribuídos.

4. A cantidade bruta garantida final resultante non poderá exceder, en ningún caso, o 70 por cento da base máxima de cotización por continxencias por accidentes de traballo e enfermidades profesionais do réxime xeral da Seguridade Social vixente na data en que se extinga a relación laboral, nin ser inferior ao 60 por cento da base normalizada correspondente á categoría en que tivese cotizado o traballador no período dos seis últimos meses anteriores á data de extinción. Se o tivese feito en diferentes categorías, aplicarase a media das bases.

5. A determinación da cantidade bruta garantida será o resultado de adicionar, dunha banda, as cantidades brutas que correspondan a cada traballador polo seu desemprego contributivo ou asistencial ou, se é o caso, a pensión bruta que lle corresponda polo recoñecemento, durante a percepción desta axuda, de calquera das situacións de incapacidade permanente previstas na lei, e por outra, o complemento, que sumado aos anteriores conceptos, conforman a garantía do 70 por cento bruto descrito anteriormente.

Igualmente, garantiráselle ao traballador o citado 70 por cento sempre que acredite a denegación inicial da prestación asistencial por desemprego antes citada. A solicitude inicial desta prestación fóra do prazo legalmente previsto provocará a perda desta garantía de salario durante o período que transcorra entre a finalización do referido prazo legal e a data de efectos desta prestación finalmente recoñecida.

A denegación inicial da prestación contributiva de desemprego comportará, en todos os casos, a perda dos dereitos derivados desta axuda mentres dure a situación que imposibilite o recoñecemento desta prestación.

A revogación das prestacións por desemprego por causa imputable ao perceptor ou o malogramento destas, motivado por sanción como consecuencia de infracción, nos termos previstos no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ou por calquera outra causa que non se poida considerar allea ao beneficiario de tales prestacións, será por conta exclusiva deste e garantirase unicamente o complemento que lle tería correspondido no caso de non ter perdido as prestacións.

6. Así mesmo, garántenselles aos traballadores acollidos a estas axudas, unha vez finalizada a prestación contributiva de desemprego, as cotizacións necesarias á Seguridade Social, segundo as bases normalizadas da súa categoría vixentes cada ano, sempre que o réxime de inscrición da súa empresa o permita, que se farán efectivas mediante o asinamento dos correspondentes convenios especiais ata a idade legal da xubilación conforme o previsto no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Os traballadores acollidos a estas axudas deberán subscribir estes convenios sen prexuízo das obrigas que derivan do artigo 20 da Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social, en canto ao convenio especial de empresarios e traballadores suxeitos a procedementos de despedimento colectivo que inclúan traballadores con 55 ou máis anos.

7. A cantidade bruta garantida asignada ao traballador no momento de comezar a percibir as axudas actualízase ao inicio de cada ano natural na mesma porcentaxe que as pensións de xubilación do réxime xeral da Seguridade Social, e as revisións terán carácter acumulativo.

8. En caso de falecemento do traballador acollido ao réxime destas axudas, o cónxuxe, ata a finalización da percepción destas ou, no seu defecto, os fillos menores de vinte e seis anos e, en todo caso, ata esa idade, percibirán a cantidade bruta garantida que lle correspondería ao destinatario da axuda de non ter falecido, descontando, se for o caso, a pensión bruta que lles corresponda polo recoñecemento de calquera das situacións de viuvez e orfandade previstas na lei.

Este salario actualizarase ao inicio de cada ano natural incrementándoo na mesma porcentaxe que as pensións de xubilación do réxime xeral da Seguridade Social, e as revisións terán carácter acumulativo.

9. Estas axudas serán compatibles coas axudas por baixa incentivada percibidas ao abeiro das ordes do 31 de outubro de 1990 pola que se regulan as compensacións dos custos por adquisición de carbón de orixe subterránea que excedan os que derivan dos recollidos nos contratos de longo prazo con centrais térmicas, do 6 de xullo de 1994, pola que se establece un prazo para a aplicación das compensacións previstas nas disposicións que regularon o Plan de reordenación da minaría do carbón para as empresas sen contrato programa, e do 1 de agosto de 1996 pola que se regulan as axudas á cobertura de cargas excepcionais para a minaría do carbón. Para isto, o traballador deberá acreditar cotizacións suficientes para o recoñecemento da prestación contributiva por desemprego polo período máximo legal, ou por un período de 12 meses se fose incluído en procedementos de suspensión de contratos fundados en causas obxectivas, e ao calcularse a axuda, deduciráselle un 10 por cento da cantidade bruta garantida á cal se refiren os parágrafos anteriores.

#### Artigo 10. *Solicitud.*

1. As solicitudes das empresas que desexen acollerse ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada deberán ser presentadas, antes do 15 de setembro do ano anterior a aquel en que se soliciten as axudas, ante o presidente do Instituto, en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As empresas deberán presentar unha solicitude por cada unidade de produción obxecto de peche. Esta solicitude deberá incluír unha relación nominal dos traballadores aos cales se vincule a axuda, acordada entre a empresa e os representantes dos traballadores.

3. A solicitude deberá conter, ademais, a xustificación prevista no artigo 13.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. A solicitude e o resto da documentación que integre o procedemento, incluída a xustificación da concesión, poderase presentar vía telemática para a súa tramitación electrónica, de conformidade co regulado na Orde ITC/904/2008, do 28 de marzo, pola que se crea o Rexistro electrónico no Instituto.

#### Artigo 11. *Instrución das axudas.*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión será a Xerencia do Instituto, a cal examinará as solicitudes e os documentos anexos presentados e efectuará a petición de cantos informes considere necesarios, requirindo o interesado para que, se for o caso, emende a falta ou presente os documentos preceptivos no prazo de dez días, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición.

2. O Instituto remitirá as solicitudes, xunto co resto do expediente e o seu propio informe, á Comisión Interministerial para a Reordenación do Sector Mineiro creada polo Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, do 22 de febreiro de 1990, modificado mediante acordos do 6 de xullo de 2000 e do 2 de decembro de 2004, que as analizará e valorará, e realizará a proposta de resolución.

*Artigo 12. Resolución.*

1. A Comisión Interministerial para a Reordenación do Sector Mineiro elevará proposta de resolución á Presidencia do Instituto, que é o órgano competente para a concesión destas axudas.

Esta proposta de resolución será comunicada á empresa solicitante para que no prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos que xulgue convenientes ao seu dereito ou manifestar a súa aceptación expresa, caso en que a proposta provisional será considerada como definitiva. De non mediar aceptación no dito trámite, unha vez examinadas as alegacións que poidan ter sido aducidas, formularase proposta definitiva que será notificada á interesada para que no prazo de dez días hábiles comunique a súa aceptación. De non facelo así, entenderase que desiste da solicitude.

2. O presidente do Instituto resolverá no prazo máximo de seis meses desde a presentación por parte das empresas da documentación necesaria para a aprobación das axudas, mediante resolución que será notificada ás empresas interesadas nese prazo. Se neste prazo non recaese resolución expresa, poderase entender desestimada a concesión da axuda conforme o establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Esta resolución pon fin á vía administrativa. A resolución que sexa favorable deberá conter a relación nominal de traballadores incluídos nos procesos de reestruturación empresarial.

*Artigo 13. Xustificación e pagamento das axudas.*

Unha vez aprobadas as axudas polo presidente do Instituto, o seu pagamento levarase a cabo tendo en conta o seguinte:

a) As empresas deberán achegar a comunicación escrita individual do empresario ao traballador, prevista nos artigos 53.1 do texto refundido do Estatuto dos traballadores e 14.1 do Regulamento dos procedementos por despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro.

b) As empresas deberán, así mesmo, presentar ante o Instituto a documentación necesaria para o cálculo destas axudas, segundo o establecido no artigo 9 deste real decreto.

c) O pagamento destas axudas será realizado polo Instituto, unha vez que dispoña dos cálculos e xustificantes necesarios, e aboaráselle a cada traballador afectado mensualmente en doce pagas.

## CAPÍTULO III

**Axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas de carácter voluntario***Artigo 14. Requisitos.*

1. As empresas mineiras que soliciten as axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas deberán acreditar fidedignamente o cumprimento dos requisitos obxectivos exixidos aos traballadores aos cales se vincula a axuda e cumprir coas condicións de peche, achegando un plan de peche acordado coa representación dos traballadores que xunte a relación nominal daqueles aos cales se asocie a mencionada axuda, de acordo co procedemento establecido neste real decreto.

2. Poderanse acoller voluntariamente á baixa indemnizada os traballadores das empresas mineiras susceptibles de ser beneficiarias destas axudas, cando así o soliciten as súas empresas, sempre que se acrediten os seguintes requisitos obxectivos:

a) A súa antigüidade no réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social desde, polo menos, tres anos.



b) A súa condición de traballadores do cadro de persoal anterior ao 31 de decembro de 2011, en calquera das empresas mineiras privadas do carbón que figuran no anexo deste real decreto.

c) Unha antigüidade na empresa en que causen baixa de, polo menos, un ano antes da extinción do contrato de traballo.

*Artigo 15. Exclusión das axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas.*

Non se poderá causar dereito ás axudas reguladas neste capítulo a resultas da extinción dos contratos dos traballadores da empresa mineira en que concorra algunha das circunstancias seguintes:

1. Reunir os requisitos para acceder ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou á xubilación nos termos previstos no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, sen prexuízo dos dereitos que os traballadores posúan fronte á empresa.

2. Ter sido perceptores dunha axuda por custos laborais mediante baixa incentivada no marco do plan sectorial do carbón do período 2006 a 2012 e deste real decreto.

*Artigo 16. Cuantificación das axudas.*

1. Para efectos do pagamento das axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas, o Instituto asumirá as obrigas indemnizatorias das empresas, como consecuencia da extinción dos contratos de traballo no marco destas axudas, de acordo cos límites e criterios de cuantificación establecidos neste real decreto.

2. O importe da indemnización será o resultado de adicionar unha cantidade lineal de 10.000 euros e outra calculada individualmente correspondente a 35 días de salario por ano traballado, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, cun límite de 30 mensualidades.

Será responsabilidade da empresa mineira determinar o importe da cantidade variable que corresponda a cada traballador. Este cálculo efectuarase conforme o último salario devindicado polo traballador, con exclusión dos conceptos sinalados no artigo 26.2 do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, así como as horas extraordinarias e outras percepcións de carácter extraordinario.

Para a determinación do último salario devindicado polo traballador, a empresa deberá considerar como retribución fixa a da data do despedimento, en concreto a percibida no último mes, rateada coas pagas extraordinarias, e como retribución variable a correspondente aos doce meses anteriores á data do despedimento. O importe anual obtido, fixo e variable, descontados, en todo caso, os conceptos sinalados no parágrafo anterior, dividirase entre 365 días para obter o salario diario regulador desta cantidade variable.

3. A contía desta indemnización será incrementada en 24.000 euros, no caso dos traballadores silicóticos de primeiro grao, sempre que acrediten esta circunstancia mediante certificación emitida polo organismo oficial competente nun prazo máximo de dous anos a partir da data en que causen baixa na súa empresa.

4. O Instituto poderá requirir tanta información considere precisa para verificar os cálculos realizados e comprobar que resultan axustados aos requirimentos deste real decreto.

*Artigo 17. Solicitude.*

As solicitudes das empresas que desexen acollerse ás axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas deberán ser presentadas, antes do 1 de outubro de cada ano, ante o presidente do Instituto, en calquera das formas previstas no

artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes deberán ir acompañadas dun plan en que figuren as medidas establecidas polas empresas respecto de cada unha das unidades de produción obxecto de peche. Este plan estará acordado entre a empresa e os representantes dos traballadores, e deberá xuntar unha relación nominal dos traballadores aos cales se vincule a mencionada axuda.

A solicitude deberá conter, ademais, a xustificación prevista no artigo 13.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

A solicitude e o resto da documentación que integre o procedemento, incluída a xustificación da concesión, poderase presentar vía telemática para a súa tramitación electrónica, de conformidade co regulado na Orde ITC/904/2008, do 28 de marzo, pola que se crea o Rexistro electrónico no Instituto.

#### Artigo 18. *Instrución das axudas.*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento de concesión será a Xerencia do Instituto, a cal examinará as solicitudes e os documentos anexos presentados e efectuará a petición de cantos informes xulgue necesarios, requirindo o interesado para que, se for o caso, emende a falta ou presente os documentos preceptivos no prazo de dez días, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición.

2. O Instituto remitirá as solicitudes, xunto co resto do expediente e o seu propio informe, á Comisión interministerial para a Reordenación do Sector Mineiro creada por Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, do 22 de febreiro de 1990, modificado mediante acordos do 6 de xullo de 2000 e do 2 de decembro de 2004, que as analizará e valorará, e realizará a proposta de resolución.

3. A proposta de resolución constará dun anexo que inclúa a relación nominal de traballadores afectados.

#### Artigo 19. *Resolución.*

1. A Comisión Interministerial para a Reordenación do Sector Mineiro elevará proposta de resolución á Presidencia do Instituto, que é o órgano competente para a concesión destas axudas.

Esta proposta de resolución será comunicada á empresa solicitante para que no prazo de dez días hábiles poida alegar e presentar os documentos que considere convenientes ao seu dereito ou manifestar a súa aceptación expresa, caso en que a proposta provisional será considerada como definitiva. De non mediar aceptación no dito trámite, unha vez examinadas as alegacións que poidan ter sido aducidas, formularase proposta definitiva que será notificada á interesada para que no prazo de dez días hábiles comunique a súa aceptación. De non facelo así, entenderase que desiste da solicitude.

2. O presidente do Instituto resolverá no prazo máximo de seis meses desde a presentación por parte das empresas da documentación necesaria para a aprobación das axudas, mediante resolución que será notificada ás empresas interesadas nese prazo. Se neste prazo non recaese resolución expresa, poderase entender desestimada a concesión da axuda conforme o establecido no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Esta resolución pon fin á vía administrativa. A resolución que sexa favorable deberá conter a relación nominal de traballadores incluídos nos procesos de reestruturación empresarial.

#### Artigo 20. *Xustificación e pagamento das axudas.*

1. As empresas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa das baixas indemnizadas obxecto de axuda no prazo de dous meses contados desde a data en que se produza a extinción da relación laboral.

2. A xustificación conterá a seguinte información:

a) A comunicación escrita individual do empresario ao traballador, prevista nos artigos 53.1 do texto refundido do Estatuto dos traballadores e 14.1 do Regulamento dos procedementos por despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro.

b) Os cálculos da indemnización exenta e da retención fiscal a que dan lugar as distintas indemnizacións, realizados pola beneficiaria en virtude da normativa aplicable.

c) A documentación necesaria para o cálculo destas axudas, segundo o establecido no artigo 16 deste real decreto.

3. O pagamento efectivo das axudas por custos laborais mediante baixas indemnizadas aos traballadores afectados efectuarase unha vez que se dispoña dos cálculos e xustificantes necesarios, e aboarase dunha soa vez.

#### Artigo 21. *Recolocacións de traballadores excedentes.*

1. Os traballadores afectados polo peche de unidades de produción de empresas incluídas no Plan de peche do Reino de España para a minaría de carbón non competitiva e que non teñan dereito ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada, poderán optar pola recolocación noutras empresas beneficiarias das axudas previstas neste real decreto. Neste caso, percibirán da súa empresa a indemnización legal e terán dereito á prestación por desemprego que proceda en función do tempo cotizado; estas indemnizacións non serán obxecto de axuda.

2. Se, antes de transcorrer un ano desde a extinción do contrato de traballo, o traballador que optase pola recolocación non se recolocou noutra empresa beneficiaria das axudas deste real decreto, a empresa de orixe ou o traballador, en caso de non estar esta activa, poderá solicitar ante o Instituto as axudas descritas para as baixas indemnizadas, sempre que no momento de extinguir a súa relación laboral cumpra os requisitos exixidos e figure, por solicitude da empresa, como traballador recolocable.

3. O importe das axudas por custos laborais mediante baixas indemnizadas previstas no punto anterior será do 55 por cento do importe que lle tería correspondido na data de extinción do seu contrato, sen que a suma desta cantidade e a indemnización percibida da súa empresa poida superar o 100 por cento dela.

### CAPÍTULO IV

#### Seguimento e control das axudas

#### Artigo 22. *Inspección e información.*

1. Sen prexuízo das atribucións das comunidades autónomas ás cales se lles transferisen as competencias sobre a minaría do carbón, o Instituto realizará, no exercicio das súas funcións, cantas inspeccións sexan precisas para comprobar e verificar o cumprimento das condicións e dos requisitos a que están sometidas as axudas reguladas neste real decreto.

2. As empresas mineiras que soliciten as axudas deberán achegar ao Instituto, con carácter anual, un censo identificativo dos traballadores do seu cadro de persoal con indicación expresa da súa categoría e antigüidade.

3. O Instituto poderá requirir, así mesmo, das empresas peticionarias canta información de índole técnica, laboral e contable sexa necesaria para a comprobación das citadas axudas.

4. O exercicio destas funcións de seguimento e control desenvolverase, se é o caso e cando proceda, en cooperación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de acordo coa normativa vixente, respectando en todo caso o carácter reservado da información tributaria.

Artigo 23. *Entidades colaboradoras.*

O Instituto poderá contratar para o cálculo, a xestión e o pagamento destas axudas unha ou varias entidades colaboradoras atendendo ao previsto no artigo 16 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. O ámbito de actuación destas entidades colaboradoras poderá ser provincial, autonómico ou nacional.

Artigo 24. *Modificación e reintegro.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que sexan incompatibles, dará lugar á modificación da resolución de concesión.

2. En caso de incumprimento total ou parcial dos requisitos previstos neste real decreto, aplicarase o disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, acerca da procedencia do reintegro.

Disposición adicional primeira. *Notificación á Comisión Europea.*

As axudas reguladas neste real decreto notificaránselle á Comisión Europea de conformidade co previsto no artigo 7 da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, e quedarán condicionadas á decisión daquela. A este respecto aplicarase o disposto no artigo 9.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional segunda. *Prestacións por desemprego.*

Os traballadores que causen baixa na empresa e que, por reuniren as condicións previstas nos artigos 7, 14, e 21 deste real decreto, perciban indemnizacións por cesamento do vínculo laboral, financiadas coas axudas aquí reguladas, así como os traballadores das empresas públicas da minaría do carbón que actúan baixo a forma de sociedades mercantís estatais, aínda que as súas empresas non sexan beneficiarias das axudas previstas neste real decreto, terán dereito ao recoñecemento, por unha soa vez, da prestación por desemprego de nivel contributivo polo período máximo legal, de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990.

Con anterioridade á aprobación das axudas reguladas nos capítulos II e III desta norma, deberase verificar individualmente o eventual recoñecemento previo deste dereito conforme o previsto na mencionada disposición adicional.

A situación legal de desemprego dos ditos traballadores poderase producir en virtude de procedemento de despedimento colectivo, conforme o previsto no artigo 51 do texto refundido do Estatuto dos traballadores e na disposición adicional segunda do Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, ou por causa prevista na alínea c) do artigo 52 do referido texto refundido do Estatuto dos traballadores.

Para estes efectos, as empresas mineiras do carbón beneficiarias das axudas serán as responsables de comunicar á autoridade laboral, simultaneamente á comunicación de iniciación do procedemento de despedimento colectivo instado, ou á entidade xestora das prestacións directamente no caso de despedimento individual, a resolución do presidente do Instituto aprobatoria das axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas en que se recoñeza este dereito, para que se determine -como proceda- a aplicación da disposición adicional décimo novena da Lei 4/1990, do 29 de xuño, logo de acreditación da extinción do contrato e da concesión das axudas.

Nos casos de procedemento de despedimento colectivo, as referidas empresas beneficiarias deberán achegar a este Instituto a comunicación á autoridade laboral da decisión empresarial de despedimento colectivo e a acta de finalización do período de consultas co acordo alcanzado, que deberá conter necesariamente a inclusión de todos

os traballadores que reúnan os requisitos previstos neste real decreto, sen que caiba excluír ningún por motivos técnicos, organizativos ou de produción. A posterior extinción efectiva deberá contar coa aprobación dos traballadores.

Tanto para os despedimentos regulados no artigo 52.c) do Estatuto dos traballadores como para os despedimentos colectivos, as empresas deberán presentar a comunicación escrita individual do empresario ao traballador referida nos artigos 13 e 20 deste real decreto.

Os traballadores que causen baixa laboral no sector, non incluídos nos parágrafos anteriores, terán dereito ás prestacións por desemprego que lles correspondan, en función dos seus períodos de ocupación cotizada.

En ambos os supostos, os traballadores deben reunir o resto dos requisitos que se exigen para a percepción das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial.

Cando, tras a extinción dos contratos de traballo nas empresas mineiras do carbón, con independencia da percepción ou non de axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas, se determinase a aplicación aos traballadores afectados do disposto na disposición adicional décimo novena da citada Lei 4/1990, do 29 de xuño, e se lles recoñecesen as prestacións de nivel contributivo polo período máximo legal, non se lles poderá volver recoñecer a aplicación da dita disposición en ningunha prestación contributiva posterior.

*Disposición adicional terceira. Extinción das relacións laborais por baixa indemnizada con posterioridade ao peche da unidade de produción.*

Os traballadores da empresa mineira para os cales o Instituto aprobouse unha axuda por custos laborais mediante baixa indemnizada poderán ver extinguida a súa relación laboral con posterioridade ao peche efectivo da unidade de produción, dentro do prazo máximo dos 36 meses seguintes á data do citado peche, co fin de contribuír nos labores de restauración e clausura da explotación mineira.

A empresa mineira deberá xustificar na solicitude das axudas as razóns de carácter técnico ou organizativo que motivan a permanencia dun ou varios destes traballadores, máis alá da data en que se deba producir o peche da unidade de produción. Esta circunstancia farase constar na proposta e resolución de axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas que emita o organismo concedente.

*Disposición transitoria primeira. Solicitude de axudas para os anos 2013 e 2014.*

O prazo para a presentación da solicitude das axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada e mediante baixas indemnizadas correspondentes aos anos 2013 e 2014 será de 30 días, que se contarán desde o día seguinte ao da entrada en vigor deste real decreto. Poderanse solicitar as axudas reguladas nesta norma para os traballadores que extinguisen o seu contrato ao abeiro do previsto na disposición transitoria segunda.

*Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio das solicitudes.*

Poderán causar dereito ás axudas reguladas neste real decreto os contratos de traballo que fosen extinguidos polas empresas mineiras do carbón entre o 1 de xaneiro de 2013 e a entrada en vigor deste, sempre que concorran os requisitos establecidos neste real decreto e que a extinción se producise de acordo co procedemento de despedimento colectivo previsto no Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, ou co disposto no artigo 52.c) do texto refundido do Estatuto dos traballadores, e demais normas concordantes. Así mesmo, será necesario que a comunicación do despedimento colectivo ou da extinción dos contratos advertise da substitución da indemnización legal que corresponda polas axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas, así como o compromiso da empresa de readmitir o traballador no suposto de quedar excluído do anexo da resolución pola cal se estime a concesión das



referidas axudas. Esta readmisión terá os mesmos efectos legais que os previstos para os despedimentos declarados nulos.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos de despedimento colectivo en 2013.*

1. Durante o ano 2013, se na data en que se produzan as extincións dos contratos dos traballadores en virtude de procedemento de despedimento colectivo previsto no Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, non se incorporase a el a resolución de concesión de axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada ou mediante baixas indemnizadas, as empresas beneficiarias deberán comunicar á autoridade laboral a citada resolución tan pronto como a reciban.

A autoridade laboral dará traslado desta á entidade xestora das prestacións por desemprego co obxecto do recoñecemento, por unha soa vez, da prestación de nivel contributivo polo período máximo legal, de acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei 4/1990, do 29 de xuño, con efectos da data da extinción efectuada en virtude do referido procedemento de despedimento colectivo efectuado no ano 2013.

2. No suposto de que a resolución de concesión de axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada exclúa algún traballador acollido ao procedemento de despedimento colectivo, a empresa readmitirá con carácter inmediato o traballador cos mesmos efectos legais dos despedimentos declarados nulos.

Disposición transitoria cuarta. *Axudas concedidas ao abeiro da Orde ECO/2771/2003, do 24 de setembro, e do Real decreto 808/2006, do 30 de xuño.*

As axudas concedidas ao abeiro da Orde ECO/2771/2003, do 24 de setembro, e do Real decreto 808/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais mediante prexubilacións, destinadas a cubrir cargas excepcionais vinculadas a plans de racionalización e reestruturación da actividade das empresas mineiras do carbón, continuarán rexéndose polo disposto na dita normativa

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución lle atribúe ao Estado en materia de lexislación laboral e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, no ámbito das súas competencias, poderá ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación e execución do real decreto.*

Os órganos competentes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e os organismos públicos dependentes e con competencia na materia adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013.

Dado en Madrid o 1 de agosto de 2014.

FELIPE R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,  
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

## «ANEXO

Empresa minaría privada	Unidade produción	Explotación
Alto Bierzo, S.A.	Alto Bierzo. Torre del Bierzo. Viloria. Alto Bierzo. Charcón. Rebollal y Pico.	Subterránea. Subterránea. Subterránea. Ceo aberto. Ceo aberto. Ceo aberto.
Carbones Arlanza, S.L.	Única.	Subterránea.
Carbones San Isidro y María, S.L.	Única.	Subterránea.
Carbonar, S.A.	Única.	Subterránea.
Carbones del Puerto, S.A.	Única.	Subterránea.
Cía. General Minera de Teruel, S.A.	Única.	Ceo aberto.
Coto Minero Cantábrico, S.A.	Couto. Cantábrico. Única.	Subterránea. Subterránea. Ceo aberto.
Empresa Carbonífera del Sur, Encasur, S.A.	Puertollano.	Ceo aberto.
Endesa Xeración, S.A.	Andorra.	Ceo aberto.
Hijos de Baldomero García, S.A.	Subterránea.	Subterránea.
La Carbonífera del Ebro, S.A.	Única.	Subterránea.
S.A. Hullera Vasco-Leonesa	Subterránea. Ceo aberto.	Subterránea. Ceo aberto.
S.A. Minera Catalano-Aragonesa	Subterránea. Ceo aberto.	Subterránea. Ceo aberto.
Unión Minera del Norte, S.A.	Subterránea. Ceo aberto.	Subterránea. Ceo aberto.
Empresa minaría pública	Unidade produción	Explotación
Hulleras del Norte, S.A.	Agrupación Caudal. Agrupación Nalón.	Subterránea. Subterránea.»